



Manual de usuario

Aceso ao posto de traballo virtual con OTP móbil

Acceso ao escritorio e as aplicacións virtuais

Elaborado por Administración VDI



CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Aceso ao posto de traballo virtual con OTP móbil	VERSIÓN:	01.00
COD. DO DOCUMENTO:	Manual_acceso_posto_de_traballo_con_OTP_mobil_gl_v01.00		
ELABORADO POR:	Administración VDI	DATA:	10/11/2022
VALIDADO POR:	Oficina Técnica do CAU	DATA:	10/11/2022
APROBADO POR:	Departamento de Medios e Capacitación Dixital	DATA:	10/11/2022

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Creación do documento	10/11/2022

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
1.1. Significado VDI.....	4
1.2. Propiedades das contornas VDI.....	4
2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA.....	5
2.1. Consideracións importantes.....	5
2.2. Requisitos mínimos adicionais en dispositivos persoais.....	5
3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA.....	6
3.1. Acceso Web con OTP móbil.....	6
3.2. Ferramenta Desktop Viewer.....	9
4. PREGUNTAS FRECUENTES.....	11
5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS.....	12

1. INTRODUCCIÓN

Neste manual recóllese a información necesaria para poder acceder de forma segura ao posto de traballo virtual. O acceso poderá realizarse dende a rede local da Xunta, ou mediante conexión directa desde internet fibra, móbil... garantindo os niveis de seguridade, optimizando os recursos de rede e, mellorando a experiencia de usuario. Todo isto será posible **sen necesidade de VPN**, tanto dende un dispositivo xestionado da AMTEGA, coma dende un dispositivo persoal.

Para o acceso cos dispositivos persoais con sistema operativo windows, a única condición e cumprir os requisitos mínimos exixidos.

De xeito xeral, tanto para os dispositivos xestionados ou os persoais, os usuarios que accedan externamente terán que pertencer a un perfil de acceso que proporcione un segundo factor de autenticación, para garantir a seguridade no caso de que o seu usuario e contrasinal puidesen estar comprometidos.

Tanto os requisitos mínimos como os perfís de acceso detallaranse nos seguintes apartados.

1.1. Significado VDI

O significado do termo VDI é Virtual Desktop Infrastructure, traducido: Infraestructura de Escritorio Virtual.

Con esta solución, un usuario pode acceder as aplicacións, o a un posto de traballo virtual, asentado no centro de datos da AMTEGA, no que poderá traballar igual que no seu equipo físico, **sen necesidade de VPN**, e con maior optimización dos recursos de rede.

1.2. Propiedades das contornas VDI

Este sistema achega múltiples vantaxes as persoas usuarias e aos administradores de sistemas:

- ✓ **Rapidez de acceso:** o escritorio virtual estará pre iniciado e listo para ser accedido de xeito rápido e sinxelo.
- ✓ **Acceso desde calquera sitio:** desde rede local, internet, PC, thinclient, móbil ou tablet, é posible acceder ao escritorio virtual con acceso á información persoal, corporativa e a dispoñibilidade das aplicacións da organización.
- ✓ **Facilidade acceso:** só se necesitan as credenciais de dominio, e o cliente Citrix Workspace App.
- ✓ **Acceso seguro:** mediante o uso dun certificado válido, OTP móbil ou OTP por correo electrónico. Nos equipos cliente windows, incorpórase un terceiro factor para garantir os requisitos mínimos de seguridade, EPA (End Point Analysis).
- ✓ **Escalabilidade inmediata:** En caso de necesitar máis recursos, non é necesario substituír os compoñentes dun PC físico.
- ✓ Actualizacións de seguridade e software uniformes e programados transparentes para o usuario.

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

O acceso poderá realizarse mediante navegador web ou ca propia ferramenta Citrix Workspace App.

Para o acceso co segundo factor de autenticación OTP móbil, previamente debe configurar un dispositivo que lle proporcione o código de acceso dun só uso. A configuración deste dispositivo explicarase no apartado 2.2.

No caso de acceder desde unha rede da Xunta, non se solicitará o segundo factor de autenticación.

Se botase en falta algunha aplicación, ou detectase algún problema que dificulte seriamente o desempeño das súas tarefas, pode abrir unha petición en AxudoT, ou comunicalo ao CAU/CSU, para que nolo trasladen, e tentar proporcionarlle a mellor solución posible.

Agradecemos de antemán a súa colaboración e paciencia con este cambio

61.1. Consideracións importantes.

Para optimizar mellor os recursos do centro de datos e unha maior seguridade, os escritorios virtuais son non persistentes. **Isto significa que no momento en que se reinicie o escritorio virtual, perderanse todos os cambios realizados fóra do espazo de traballo da persoa usuaria. O espazo de traballo das persoas usuarias permanente serán os cartafoles de Documentos, Escritorio e Descargas. É moi importante que o usuario non cre arquivos e cartafoles fóra destas localizacións. Así mesmo, calquera aplicación que poida estar instalada no espazo de usuario podería deixar de estar dispoñible cando se inicie unha nova sesión.**

A configuración personalizada das aplicacións instaladas e permitidas no escritorio virtual non se perderá. Dispoñerase dunha copia de seguridade no caso de que se requira a recuperación dun arquivo ou cartafol.

Do mesmo xeito que nun posto de traballo físico, é responsabilidade da persoa usuaria aplicar boas prácticas para un uso adecuado das ferramentas:

- Cando traballe con documentos, lembre gardar os cambios regularmente.
- Peche a sesión cando remate a súa xornada laboral en lugar de desconectarse.
- Abra só as páxinas que precise no seu navegador, e na medida do posible peche as que non utilice.
- Do mesmo xeito, peche as aplicacións que non vaia a utilizar.

2.2. Requisitos mínimos adicionais en dispositivos persoais.

Os dispositivos usados para a conexión web deberán soportar algún dos seguintes navegadores:

- Microsoft Edge
- Google Chrome
- Mozilla Firefox
- Safari

Estes navegadores deberán estar actualizados ás versións mínimas recomendadas na matriz de requisitos da ferramenta Citrix Wokspace App.

Os dispositivos para o acceso con OTP móbil deben cumprir os requisitos indicados polas aplicacións soportadas

3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

As persoas usuarias que estean neste perfil de acceso poderán utilizar un código no seu móbil como segundo factor de autenticación nas conexións externas co fin de reforzar a seguridade no acceso.

Unha vez iniciada a sesión no escritorio virtual, dispoñerá dunha ferramenta visual **Desktop Viewer**, coa que poderá realizar distintas accións que lle facilitarán o intercambio e control co seu dispositivo local.

A continuación detállanse os distintos sistemas de acceso e as ferramentas dispoñibles unha vez inicie a sesión no escritorio virtual.

61.2. Acceso Web con OTP móbil


Os usuarios que estean neste perfil de acceso, deberán ter instalada algunha das seguintes aplicacións nalgún dispositivo Android ou IOS:

- Microsoft Authenticator
- Google Authenticator
- Citrix SSO

Calquera outra aplicación non será soportada.

Os pasos para a configuración deste acceso son os seguintes:


1. Se non ten instalada algunha das aplicacións soportadas, recomendamos o uso de Google Authenticator. Logo acceda ao portal, <https://vdi-rexistro-otp.xunta.gal/manageotp> e ingrese os seus datos de usuario.




Importante

Por seguridade é preciso estar conectado a unha rede local ou VPN da Xunta para poder acceder a este portal. Unha vez rexistrado o dispositivo no que vaia a recibir o código de acceso, non será preciso ter a VPN conectada para acceder ao escritorio ou ás aplicacións virtuais.

2. No seguinte paso prema en **Agregar dispositivo**



3. Escriba un nome co que identificar o dispositivo




4. Por último, engada a conta no dispositivo que acaba de vincular, escaneando o código na aplicación que instalou no paso 1.

Importante

Teña en conta que está permitido configurar un máximo de dous dispositivos. En caso de ter problemas con algún dos dispositivos vinculados, poderá eliminalo e volvelo a dar de alta desde o mesmo portal.

Unha vez rexistrado o dispositivo para o acceso ás aplicacións e os escritorios virtuais, deberá seguir os seguintes pasos:

1. Iniciar sesión a través do portal <https://vdi.xunta.gal> cos seus datos de usuario para o primeiro factor de autenticación.
2. Abrir a aplicación no dispositivo vinculado e introducir o código da súa conta no segundo factor de autenticación.




A primeira vez que acceda o portal, o sistema comprobará se xa ten o cliente Citrix Workspace.

3. Logo mostrárase o acceso aos recursos de escritorios e aplicacións.



Unha vez inicie algún escritorio ou aplicación dos que teña dispoñibles, o sistema pedirálle autorización para permitir abrir sempre este tipo de arquivos. Recomendase marcar a casilla de autorización.




62.1. Ferramenta Desktop Viewer

Unha vez iniciado o escritorio vdi, por defecto abríase en pantalla completa. Dependendo de se o usuario ten unha ou varias pantallas, poderá cambiar a configuración para ter o escritorio virtual coa combinación que mellor se adapte ás súas necesidades. Podendo alternar o traballo no seu equipo local ou no escritorio vdi coa barra **Dekstop Viewer** dispoñible no escritorio virtual.



En función da versión do sistema operativo, a ferramenta Desktop Viewer pode ter distinta aparencia, pero existen funcións comúns en todas as versións. As opcións dispoñibles cando desprega a frecha da ferramenta Desktop Viewer son:

- **Inicio:** Con esta opción poderá ir directamente ao seu equipo local. Este botón é moi práctico se utiliza un único monitor en pantalla completa.
- **Xunta:** Este nome pode variar en función do escritorio virtual que teña dispoñible no portal.
- **Ctrl+Alt+Supr:** Esta é a combinación de teclas para poder acceder ao seguinte menú:



Este botón é útil se precisa realizar un cambio de contrasinal do seu usuario de Directorio Activo, ou se necesítase interactuar con algún proceso que tivese en execución e non estivese a responder axeitadamente.


- **Preferencias:** Aquí pódense cambiar diferentes parámetros de interacción coa sesión do escritorio virtual. Algúns destes parámetros poden non estar dispoñibles por políticas de seguridade. A aparencia deste menú pode cambiar en función do sistema operativo. Desde aquí podería cambiar o modo de acceso aos seus arquivos e cartafol locais, os dispositivos de imaxe e son, cámaras dixitais e escáner, a distribución dos monitores e a aparencia da sesión no escritorio virtual. **Non se recomenda modificar estes parámetros salvo que sexa estritamente necesario.**
- **Dispositivos:** Este botón só está dispoñible en sistemas operativos Windows. No resto de sistemas operativos, pode acceder aos dispositivos desde o botón de **Preferencias**.



- **Ventana:** Este botón permítelle cambiar a vista da sesión do escritorio virtual en pantalla completa ao modo xanela, igual que se fose unha aplicación no seu escritorio local.
- **Desconectar:** Este botón permítelle desconectar a sesión para poder recuperala máis tarde sen necesidade de volver iniciar sesión. **Non se recomenda utilizar esta opción**, lembre as boas prácticas do apartado 2.1
- **Accesos directos:** Este botón permítelle o intercambio das aplicacións dentro da sesión do escritorio virtual.


4. PREGUNTAS FRECUENTES

- Pode consultar o documento completo de Citrix Workspace para Windows na seguinte ligazón: [Aplicación Citrix Workspace para Windows](#)
- En caso de rexistrar este erro contacte co CAU correspondente para ser engadido o perfil de acceso que lle corresponda:



- Se o acceder non ten dispoñible ningún escritorio contacte co CAU correspondente para ser engadido o grupo de seguridade que lle permita o acceso o posto de traballo virtual.
- No acceso web, cando faga clic no escritorio ou na aplicación virtual, de xeito automático descargaralle un arquivo con extensión .ICA que terá que abrir manualmente.

Por seguridade os navegadores impiden a execución automática dalgunhas extensións, se desexa cambiar este comportamento debe facer clic dereito sobre o arquivo con extensión .ICA e seleccionar **Abrir siempre archivos de este tipo**



5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS

Termo	Descrición
AMTEGA	Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia
VDI	Virtual Desktop Infrastructure – Infraestrutura de Escritorio Virtual
VPN	Virtual Private NetWork – Rede privada virtual
FNMT	Fábrica Nacional Moeda e Timbre
OTP	One Time Password – Contraseñal dun só uso
EPA	End Point Analysis – Análise de punto final
CAU	Centro Atención Persoas Usuarias